





CONSIDERACIONES



1. O Consello Económico e Social de Galicia considera que a principal conclusión que se extrae do contido deste informe é a alta dependencia que Galicia ten do seu sector pesqueiro e a importancia do mesmo para o seu desenvolvemento económico e social. A defensa de dita dependencia na negociación da PCP considérase fundamental para a Comunidade Autónoma.

A importancia económica e social do sector pesqueiro da Comunidade Autónoma queda demostrada en tódolos aspectos comparativos estudados neste informe:

- A flota pesqueira galega representa case a metade (48,9%) da flota pesqueira de España.
- A flota pesqueira galega é unha flota ligada á estrutura económica e social de toda a costa de Galicia e está localizada en 79 portos da Comunidade Autónoma.
- Máis do 20% da poboación ocupada en 20 concellos de Galicia depende directamente do sector pesqueiro, acadando nalgúns deles o 43% da súa poboación ocupada. En 33 concellos, a poboación ocupada no sector pesqueiro é máis do 10% e en 42 concellos dita poboación acada o 5%.
- Un 82,2% da poboación ocupada en Galicia no sector pesqueiro ten entre 25 e 54 anos.
- A poboación afiliada ó réxime especial dos traballadores do mar en Galicia representa o 39,9% do total de afiliados a dito réxime en España.
- En Galicia localízase o 56% do volume de peixe desembarcado no conxunto do Estado.
- A partida de produtos do sector da pesca é a segunda en importancia no comercio exterior da Comunidade Autónoma, tanto nas súas exportacións, que representan o 7,9% do total, como

das súas importacións, que representa o 14,1% do total.

- As actividades do sector pesqueiro (pesca de baixura, litoral, altura, gran altura, miticultura, marisqueo e industria de conserva de peixe) relaciónanse con gran número de actividades económicas en Galicia. Neste senso, os *inputs* intermedios das actividades do sector pesqueiro galego proveñen, de forma relevante, de 49 outras actividades da economía galega.

- A industria da conserva de peixe, que non inclúe outras partes da industria de procesado e frío industrial, depende de forma relevante das actividades extractivas. Dita industria, que supón o 46% da produción efectiva das actividades do sector pesqueiro galego, recibe o 30% dos seus *inputs* intermedios do resto das actividades pesqueiras de Galicia.

- En 1995, o total de recursos do sector acadou os 2.190 millóns de euros, o 61,8 % correspondeu a súa produción efectiva e o 45% desta provén do seu valor engadido bruto.

2. O CES reivindica que, de acordo coa anterior consideración e ós efectos das consecuencias socioeconómicas das modificacións da PCP, Galicia sexa considerada como rexión altamente dependente da pesca. Esta cualificación debe ser un factor fundamental a ter en conta nas súas formulacións. Neste senso, tódolos informes socioeconómicos sobre o sector da pesca en Galicia deberían analizarse como consideración previa e necesaria á proposta de reforma.

3. O CES considera que a política común de pesca debe ter como obxectivo fundamental garantir a viabilidade deste sector

económico e estratéxico para a Unión Europea e que contribúe, no caso de Galicia, a ser un elemento de cohesión económica e social.

Neste senso, a aplicación do criterio de precaución na regulación da actividade pesqueira debe protexer equilibradamente tanto o medio mariño como o medio socioeconómico ligado ó mesmo. Para manter dito equilibrio, a protección do medio mariño e o mantemento dos caladoiros deben acadarse con medidas indirectas de redución do esforzo pesqueiro, como as paradas biolóxicas –zonais o temporais–, os tamaños de mallas e a mellora na aplicación dos actuais instrumentos de control (POP). Para iso deben dotarse os recursos necesarios que garantan, ós traballadores e armadores, os mínimos de actividade que podan ser afectados por ditas medidas.

4. O CES considera que, conxuntamente cos informes socioeconómicos, débense realizar informes científicos rigorosos e dinámicos que avalíen os recursos mariños que soportan dita estrutura económica e social para determinar os esforzos pesqueiros adecuados en cada momento. Considerase necesario levar campañas de investigación *in situ*, nos caladoiros, coa participación directa dos axentes económicos e sociais do sector na avaliación dos datos científicos, como método para dar maior fiabilidade ós datos das capturas, permitir un mellor coñecemento dos recursos e comprometer a tódolos axentes na toma de medidas adecuadas de precaución.

5. O CES considera que, aparte da dubidosa legalidade da proposta de modificación do regulamento do IFOP 1263/99, con vixencia ata o ano 2006, deben manterse, na nova proposta, os actuais aspectos da política común de pesca, tanto nas axudas á renovación e modernización da flota como nas axudas á exportación de buques a terceiros países e ás sociedades mixtas.

6. O CES considera que deben incorporarse os aspectos sociais nas propostas da reforma da política pesqueira común, tales como os relacionados co cumprimento da normativa sobre as condicións de seguridade e saúde laboral e, en xeral, tódolas que teñan que ver coas condicións laborais e sociais dos mariñeiros do sector.

7. O CES considera que, ante a situación actual de limitación do acceso ós caladoiros e coa necesidade de manter o emprego galego no sector, débese promover os proxectos e acordos pesqueiros concretos das empresas galegas que garantan o seu acceso permanente os caladoiros internacionais e a creación de empresas mixtas.

8. O CES manifesta unha posición de total rexeitamento á pesca non controlada e non regulada e solicita ás administracións correspondentes a aprobación urxente de medidas que erradiquen esta práctica.

9. O CES considera que as propostas de reforma da actual PCP, ó ter un calado tan importante para a Comunidade Autónoma de Galicia, deberían incluír a correspondente regulación da participación, na súa formulación e aplicación, dos representantes económicos e sociais do sector pesqueiro galego. ■